



ASOCIACIÓN VIEIRO

ENTRE TODOS

Curso de prevención no ámbito familiar

- 1.- Presentación e xustificación.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Poboación destinataria.
- 4.- Metodoloxía
- 5.- Contidos
- 6.- Lugar de celebración
- 7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Os adolescentes en risco supoñen un sector da poboación que, polas súas circunstancias vitais (fracaso escolar, problemas de conduta, inicio ao consumo frecuente de drogas, dificultades familiares etc.), precisan dunha especial atención desde as institucións e recursos sociais.

Respecto ao consumo de substancias nos adolescentes, os consumos de carácter recreativo estanse configurando como un elemento articulador dos estilos de vida de moita xente nova, e o que é peor, de moitos adolescentes, nos cales esta forma de consumo se está a converter nun elemento central nas súas formas de ocupación do tempo libre.

Hai que destacar que os consumos recreativos están banalizados na nosa sociedade, en que consumir é un valor en alza. O traballo de prevención indicada no consumo de substancias, busca a implicación das familias dos adolescentes en situación de risco e a creación de circunstancias e oportunidades que faciliten un proceso de cambio. Un traballo que se basea no desenvolvemento de factores de protección e na redución dos factores de risco asociados ao uso ou abuso de substancias psicoactivas.

En especial busca identificar os factores de risco e protección arredor dos cales estruturar a intervención. Para isto sérvese dunha estratexia global, baseada na coordinación e colaboración dos axentes sociais e das institucións implicados.

2.- OBXECTIVOS

- Facilitar que o menor desenvolva a súa autonomía persoal (autocontrol das reaccións emocionais e coñecemento persoal).
- Conseguir a mellora das relacións co ámbito familiar e o grupo de iguais.
- Reducir o número de condutas disruptivas no fogar.



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Acompañar ao menor a través dos estadios de cambio e aumentar a conciencia da súa problemática respecto ao consumo de sustancias.
- Adquirir estilos educativos adecuados e eficaces que permitan unha adecuada resolución das situacións problemáticas ou conflictivas.
- Mellorar as habilidades de comunicación que permitan reducir as dificultades de comunicación e de relación existentes na familia.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso son as familias con fillos/as adolescentes con primeiros consumos de sustancias aditivas.

4.- METODOLOXÍA

Os pais/nais, para mellorar as habilidades e os coñecementos que actúan como factores de protección, reciben un adestramento interactivo. A través de métodos e estratexias de probada efectividade, mellóranse as pautas educativas e as relacións existentes na familia. Isto implica formar, dotar de ferramentas e involucrar aos pais/nais no desenvolvemento de actitudes, conductas e habilidades de xestión familiar. Inclúe tamén as actuacións necesarias para exercer a súa función educadora, mediadora e promotora de estilos de vida saudables que favorecen a prevención do consumo de sustancias nos fillos e fillas. Utilízase para, para elo, estratexias metodolóxicas activas e participativas, que transcenden o meramente informativo (técnicas de discusión e debate, modelado, ensaios condutuais, retroalimentación, reforzo de conductas aprendidas, entre outras).



ASOCIACIÓN VIEIRO

5.- CONTIDOS

- Traballo educativo cos adolescentes, coa familia e conxunto con ambos.
- Adestramento en habilidades de xestión familiar.
- Exercicios de modelado.
- Ensaio de condutas.
- Práctica de habilidades.
- Información sobre efectos, riscos e consecuencias da sustancia de consumo.
- Habilidades de afrontamento e rexeitamento
- Presión de grupo

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Na sede da entidade

7.- DURACIÓN

Aproximadamente 5 sesións, dunha hora e media de duración, que poden verse aumentadas ou reducidas dependendo de cada caso.